

## CARTAS AL DIRECTOR

## La paradoja de las vacunas

Se insistió el año pasado en que la esperanza ante la pandemia estaba en la ciencia y en la tecnología, que en un tiempo récord conseguirían vacunas. Ahora comprobamos que las vacunas hay que administrarlas. Y ello requiere práctica adecuada (aplicación en tiempo y forma por profesionales competentes) y ética (distribución justa que evite abusos). Además, el escándalo del laboratorio AstraZeneca en el contrato con la Unión Europea confirma que vivimos en la era del ca-

pitalismo cognitivo (el conocimiento como mercancía) y esto es otro problema de ética. Sí, necesitamos ciencia y técnica, pero con ética. FRANCISCO BARÓN DUARTE. A CORUÑA.

## Una insensatez

Con el panorama que tenemos en España y en todo el mundo por la tragedia de la pandemia, que el señor Illa le diga a su sucesora en el cargo: «Vas a disfrutar mucho como ministra de Sanidad» me parece no solo una insensatez, sino también un insulto a la inteligencia humana. Sobre todo

dada su nefasta gestión en el ministerio, tanto a la hora de tomar medidas restrictivas para evitar los rebrotes, como en la adquisición de mascarillas y relaciones con las farmacéuticas para ejecutar los programas de vacunación. Porque, señor Illa, el mal uso de las palabras puede hacer mucho daño, y usted como filósofo tendría que saberlo. Por tanto, si en sus intervenciones no sabe o no encuentra la palabra apropiada, cosa muy sorprendente dentro del rico vocabulario del que goza nuestra lengua universal (el castellano), mejor no decir nada. Por otra parte, y al hilo del mal

uso de las definiciones, pienso que la calificación del presidente del Gobierno al exministro como un hombre bueno, es difusa e imprecisa, pues, como reza el refranero popular. «todo el mundo es bueno, hasta que se demuestre lo contrario». Pero no, señor Sánchez, para ser ministro de Sanidad, el hecho de ser bueno no es suficiente, pues esto como en cualquiera, se da por hecho. Pero para desempeñar un cargo con responsabilidades públicas se requiere y exige una buena gestión, en lo que, a juzgar por los resultados, este ministro ha dejado bastante que desear. Esperemos que,

en su previsible elección como presidente de la Generalitat tenga más fortuna, para bien de esa comunidad y a la postre, de todos los españoles, aunque si se me permite, visto lo visto, tengo mis dudas. ADOLFO COSTAS GASCÓN. PONTEVEDRA.

## La nueva basura

Las colillas en la calle han sido sustituidas por mascarillas y guantes, restos de la tragedia que nos ha tocado vivir. Pero ¿de verdad es tan difícil usar las papeletas? Cambiémos el chip, por favor. MARÍA PIÑERO. LUGO

## EL DEBATE

## ¿A quién se tiene que priorizar en la campaña de vacunación contra el coronavirus?

## Vacina, por que ti e non eu? A prioridade na vacinación

BEGOÑA GRAÑA SUÁREZ  
Oncóloga da área Sanitaria A Coruña-Zee

Hai escasamente 15 días recibín unha primeira dose dunha das vacinas de ARN mensaxeiro fronte ao Sars-CoV-2. O plan galego de vacunación indica que os oncológos atendemos pacientes de alto risco na pandemia covid-19, e somos persoal de primeira liña do grupo 2 de vacunación establecido. E isto xusto? Debo vacinarme eu antes que a radióloga que fai as ecografías dos pacientes oncolóxicos, incluso antes que a cirurxía que os opera? Seguro que é discutible, pero no momento no que estamos temos que establecer criterios e priorizar de xeito transparente, baseando as decisións tanto no coñecemento científico dispoñible coma nos valores e principios éticos da nosa sociedade.

O contexto actual da campaña de vacunación está condicionado por tres elementos principais: o crecemento exponencial das infeccións; a explosiva presión sobre todo o sistema sanitario; e un número de vacinas insuficiente, ao que se engade, nas últimas horas, o anuncio do atraso das entregas de doses á UE por parte das empresas farmacéuticas produtoras das mesmas.

Entre todos os principios éticos involucrados na priorización da vacunación, dous son os máis relevantes: equidade e reciprocidade. O principio de equidade require ter en conta as vulnerabilidades, desigualdades, riscos e necesidades dos grupos que están en peor situación, e que no momento actual son as persoas maiores que residen en residencias (grupo 1).

O principio de reciprocidade require protexer do covid a aqueles que soporan riscos significativos e cargas adicionais porque se dedican a salvagardar a saúde dos demais. Este principio xustifica o acceso prioritario aos escasos recursos das persoas que arriscan a súa propia saúde para combater a pandemia, entre os que destacan os traballadores sanitarios máis expostos á enfermidade (grupo 2).

A priorización da distribución das vacinas require dunha avaliación e aprobación exhaustiva baseada nas eviden-

cias científicas dispoñibles en cada momento, recoñecer valores éticos clave, aportar información completa e transparente, evitar a arbitrariedade e castigar duramente a corrupción na súa distribución, garantindo que a priorización na vacunación sexa xusta e percibida como tal. En calquera caso, débese esixir non só confianza, senón tamén solidariedade para comprender que no contexto epidemiolóxico actual todos os esforzos deben centrarse nos que poden ver a súa saúde máis afectada e perder a vida ao infectarse.

Para acabar, non debemos esquecer que aínda que a OMS asinou en abril do 2020 un compromiso de cara a asegurar un acceso global xusto a «diagnósticos, tratamentos e vacinas seguras, de calidade, eficaces e accesibles», as barreiras para os países con ingresos baixos inclúen a imposibilidade de permitirse vacinas e recursos adecuados para realizar campañas de vacunación. Polo que debemos recoñecer o privilexio que supón que teñamos acceso, aínda que sexa lento e escalonado, ás vacinas contra o covid.

JOSÉ ANTONIO SEOANE

Catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade da Coruña

Na situación de pandemia derivada do covid-19, a priorización é un proceso necesario para ordenar razoadamente a vacunación, polo número insuficiente de vacinas e a necesidade de establecer unha secuencia para distribuílas e administralas. A priorización consiste aquí en outorgar precedencia a certas persoas, que recibirían a vacina antes que outras.

Establecer esta prioridade é difícil, pois non responde a un único criterio, deben considerarse factores diversos, e atinxe a unha realidade epidemiolóxica cambiante, que non admite unha decisión válida e definitiva. Porén, difícil non equivale a imposible.

A priorización na vacunación é un exemplo de decisión prudente, común na ética, a política, o dereito e na máis recente bioética. Tomar a mellor decisión posible nunha situación de incerteza é o obxectivo da deliberación prudente, que examina os feitos e os valores en xogo e permanece aberta á crítica e á revisión para adaptarse aos cam-

bios. Tomar decisións prudentes, xustas e eficaces sobre a priorización das vacinas é a misión do grupo de traballo técnico responsable da estratexia de vacunación fronte ao covid-19 en España (2 de decembro do 2020; actualizada o día 18 de ese mes e o pasado 21 de xaneiro).

Trátase dun órgano integrado por especialistas con perfís complementarios para comprender a complexidade da vacunación. Entre eles, dous membros do Comité de Bioética de España, que aportan a perspectiva insubstituíble da ética e garantan a protección dos bens e dereitos nas decisións de priorización.

A quen vacinar primeiro nestes momentos? Velaquí algúns criterios para priorizar, baseados nos principios de igualdade e non discriminación, protección da integridade, beneficencia, autodeterminación responsable, solidariedade, xustiza e reciprocidade, en compañía dos principios de publicidade e transparencia, que deben rexer a información sobre a vacunación e os criterios de distribución.

Se un dos obxectivos é reducir a mortalidade e a morbilidade do covid-19, debe darse preferencia aos residentes e persoal sanitario e sociosanitario de residencias de persoas maiores e de atención a grandes dependentes, e ao persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario. Dentro deles cómpre priorizar por subgrupos, en razón da vulnerabilidade individual (non da idade), e do risco individual de exposición e espallamento do virus.

Como outro dos obxectivos é minimizar os efectos negativos na estrutura social e económica, é dicir, atender á dimensión non sanitaria da saúde pública, corresponsable despois ás persoas que traballan en sectores esenciais (educación, policía, subministración de bens primarios), clasificadas así mesmo en razón da súa vulnerabilidade e do risco individual e do contorno de traballo.

Xa que logo, a adecuada priorización da vacunación contra o virus debería fortalecer a confianza na propia vacina e configurar unha sociedade máis solidaria e xusta, non só a través da xustiza distributiva (reparto equitativo de beneficios e cargas), senón tamén da xustiza como recoñecemento (recibir o aprecio dos demais, parcialmente como reciprocidade) e da xustiza como contribución.



ILUSTRACIÓN PILAR CANICOBA